

REVISIÓN DA MICOTECA LOU-FUNGI: NOVAS APORTACIONES Ó CATÁLOGO MACROMICOLÓXICO GALEGO.

por
A. JUSTO & M. L. CASTRO *

Resumo

Neste traballo revísanse as *exsiccata*, depositadas na micoteca LOU-Fungi, correspondentes o orde *Boletales* p.p. e as familias *Agaricaceae* e *Amanitaceae*. 11 taxones cítanse por primeira vez para Galicia e outros 18 constitúen unha novidade corolóxica para algunha das provincias galegas.

Palabras clave: Galicia, N.O. Península Ibérica, coroloxía, LOU-Fungi, Boletales, Agaricaceae, Amanitaceae.

Summary

The authors study the *exsiccata*, deposited in the LOU-Fungi herbarium, belonging to the *Boletales* p.p., *Agaricaceae* and *Amanitaceae*. They report 11 new mentions for Galicia, other 18 also have chorological relevance for this region.

Keywords: Galicia, N.W. Iberian Peninsula, chorology, LOU-Fungi, Boletales, Agaricaceae, Amanitaceae.

INTRODUCCIÓN

En Galicia a única micoteca oficial é LOU-Fungi, depositada no Centro Investigacións Forestais e Ambientais de Lourizán (Pontevedra). Nela atópase o material procedente dos estudos levados a cabo polo propio centro e polo Laboratorio de Micología da Universidade de Vigo, así como a colección particular do Dr. Luis Freire. Actualmente consta dunhas 10.000 *exsiccata*.

Os cambios que se produciron na clasificación dos fungos nos últimos anos fan necesario un traballo de revisión deste material, tanto desde un punto de vista nomenclatural (etiquetado de todo o material co nome actual e os autores debidamente abreviados) como taxonómico (revisión do material no que a identidade resulte dubidosa segundo os coñecementos actuais do taxón).

* Laboratorio de Micología. Facultade de Ciencias. As Lagoas-Marcosende. 36200. Vigo.
e-mail: fjusto@uvigo.es; lcastro@uvigo.es

MATERIAL E MÉTODOS

Debido ó gran número de *exsiccata* depositadas na micoteca o primeiro paso para a realización deste traballo foi a selección do material que iba ser obxecto de análise. Finalmente decidiuse revisar o material pertencente os ordes *Boletales* (excluídas as familias *Coniophoraceae* e *Rhizopogonaceae*) e *Agaricales* (familias *Amanitaceae* e *Agaricaceae*), no sentido no que aparecen descritos no *Dictionary of Fungi* (HAWKSWORTH *et al.*, 1995).

No estudo da evolución nomenclural dos taxones seguíronse as pautas marcadas polo Código Internacional de Nomenclatura Botánica (GREUTER *et al.* 2000). Tanto para o estudo nomenclural como taxonómico empleáronse obras de carácter xeral como as de MOSER (1980), COURTECUISSÉ (1994), BREITENBACH *et KRÄNZLIN* (1991, 1995), e tamén monografías dos xéneros estudados tales como: BAS (1969), WATLING (1970), HEINEMANN *et THOEN* (1973), GARCIN (1984), ALESSIO (1985, 1991), CANDUSSO *et LANZONI* (1990), BON (1993, 1999), FRAITURE (1993), WASSER (1993), TULLOSS (1994, 2000), NEVILLE *et POUMART* (1996).

Para a estandarización das abreviaturas dos autores empregamos como referencia a obra de BRUMMITT *et POWELL* (1992).

A observación e descripción dos caracteres macro e microscópicos realizouse seguindo as técnicas habituais neste tipo de estudos (MORENO *et al.*, 1986).

Para comprobar a relevancia corolóxica das citas utilizáronse como referencia os artigos de SOLIÑO *et al.* (1999, 2000, 2001).

CATÁLOGO DE ESPECIES

Relaciónanse a continuación os taxones, procedentes da revisión da micoteca LOU-Fungi, que constitúen unha novidade corolóxica para algunha das provincias galegas (*) ou ben para a propia Comunidade.

Decidiuse non incluír o material correspondente ó xénero *Agaricus*, aínda que existen novidades corolóxicas, xa que nestes momentos está sendo revisado para a elaboración da monografía de Flora Micológica Ibérica. Tamén compre salientar a escasez de novidades no xénero *Amanita*, moi ben representado na micoteca, debida a recente publicación do catálogo ibérico (CASTRO, 1997).

***Amanita lividopallescens* (Secr. ex Gillet) Seyot var. *malleata* Piane ex Romagn.**

ESP, *A CORUÑA: Santiago, Selva Negra, 29TNH3548, bosque de *Quercus robur*, 21-X-1986, L. Freire, LOU-Fungi 3910; *idem*, LOU-Fungi 3992.

***Boletus appendiculatus* Schaeff.**

ESP, *A CORUÑA: Cedeira, A Capelada, 29TNH3880, bosque de *Pinus*, 30-X-1993, L. Freire, LOU-Fungi 5761.

Este taxón cítase por primeira vez para Galicia.

***Boletus fechtneri* Velen.**

ESP, *A CORUÑA: Curtis, 29TNH6975, bosque de *Betula*, 15-VII-1986, M. Pérez-Froiz, M. Castro & L. Freire, LOU-Fungi 6059.

Este taxón cítase por primeira vez para Galicia.

***Boletus fragrans* Vittad.**

ESP, *A CORUÑA: Brión, Adoufe, 29TNH2645, bosque de *Quercus robur*, 10-XI-1981, L. Cabo & L. Freire, LOU-Fungi 1320; Santiago, Selva Negra, 29TNH3548, bosque de *Quercus robur*, 29-

X-1985, *L. Freire*, LOU-Fungi 1300; idem, 5-X-1986, *L. Freire & M. Castro*, LOU-Fungi 1111.
*OURENSE: Rubiá, 29TPH6700, baixo *Castanea*, 18-IX-1992, *M. Castro*, LOU-Fungi 6674.

***Boletus impolitus* Fr.**

ESP, *A CORUÑA: Santiago, Pedroso, 29TNH3549, bosque de *Pinus*, 18-X-1977, *L. Freire*, LOU-Fungi 1289.

***Boletus regius* Krombh.**

ESP, *A CORUÑA: Brión, Adoufe, 29TNH2645, baixo *Quercus robur*, 27-X-1980, *L. Cabo*, LOU-Fungi 1284; idem, LOU-Fungi 1313.
Este taxón cítase por primeira vez para Galicia.

***Chalciporus amarellus* (Quél.) Bataille**

ESP, *PONTEVEDRA: Vilagarcía de Arousa, Cortegada, 29TNH6838, baixo *Quercus robur*, 12-XI-1986, *L. Freire*, LOU-Fungi 1032.

***Cystoderma granulorum* (Batsch.: Fr.) Fayod**

ESP, *PONTEVEDRA: Merza, 29TNH5935, entre musgos, 10-II-1982, *L. Freire & M. Castro*, LOU-Fungi 1454.

***Cystoderma terreii* (Berk. et Broome) Harmaja**

ESP, *LUGO: Monforte, 29TPH2209, hábitat sin precisar, 5-XI-1983, *M. Martínez-Campos*, LOU-Fungi 1457; *OURENSE: Verín, Alto de Fumaces, 29TPG3445, baixo *Eucalyptus camaldulensis*, 8-XII-1995, *M. Lago & E. Luis*, LOU-Fungi 8432.

***Gyrodon lividus* (Bull.: Fr.) Sacc.**

ESP, *A CORUÑA: Trazo, Chaián, 29TNH3957, baixo *Alnus glutinosa*, 19-X-1985, *L. Cabo*, LOU-Fungi 1103.
Este taxón cítase por primeira vez para Galicia.

***Leccinum aurantiacum* (Bull.) Gray**

ESP, *A CORUÑA: Santiago, Campus Universitario, 29TNH3647, baixo *Betula*, 8-XI-1988, *A. González & R. González*, LOU-Fungi 4176; Ferrol, San Pedro de Leixa, 29TNJ6418, baixo *Quercus robur*, 13-XI-1983, *E. Zaera, A. Orjales & J. Carballeira* LOU-Fungi 1216.

***Leccinum quercinum* Pilát et Dermek**

ESP, *A CORUÑA: Teo, Ponte Vea, 29TNH3634, bosque de *Quercus*, 21-X-1987, *L. Freire*, LOU-Fungi 4184.

***Lepiota aspera* (Pers.: Fr.) Quél.**

ESP, *OURENSE: Ourense, Vilamarín, Pazo, 29TNH9102, en borde de camino, 31-X-1987, *L. Freire*, LOU-Fungi 2097.

***Lepiota helveola* Bres.**

ESP, *LUGO: Lugo, Segade, 29TPH1463, bosque de *Quercus*, 5-X-1982, *M. Castro*, LOU-Fungi 2089; Lugo, San Lázaro, As Regas, 29TPH1761, bosque mixto de *Quercus robur* e *Castanea sativa*, 12-X-1986, *L. Freire & M. Castro*, LOU-Fungi 2096.

***Lepiota josserandii* Bon et Boiffard**

ESP, *A CORUÑA: Pobra do Caramiñal, 29TNH0514, pinar de *Pinus pinaster*, 25-XI-1989, *L. Cabo Rey*, LOU-Fungi 4198.

***Lepiota ochraceosulfurescens* Locq. ex Bon**

ESP, *LUGO: Pedrafita, Liñares, 29TPH5729, bosque de *Fagus sylvatica*, 24-X-1982, L. Freire, LOU-Fungi 4426.

Este taxón cítase por primeira vez para Galicia.

***Lepiota rhodorhiza* Romagn. et Locq. ex P. D. Orton**

ESP, *OURENSE: A Peroxa, 29TPH0200, bosque de *Pinus pinaster*, 5-XI-1989, A. Lorenzana, E. Pazos & A. Sandoval, LOU-Fungi 2642.

Este taxón cítase por primeira vez para Galicia.

***Lepiota subincarnata* J. E. Lange**

ESP, *A CORUÑA: Brión, Adoufe, 29TNH2645, hábitat sin precisar, 12-X-1986, L. Cabo, LOU-Fungi 4361; *PONTEVEDRA: Vilagarcía de Arousa, Illa de Cortegada, 29TNH1718, hábitat sin precisar, 12-XI-1986, L. Freire & M. Castro, LOU-Fungi 4342.

Este taxón cítase por primeira vez para Galicia.

***Leucoagaricus cinerascens* (Quél.) Bon et Boiffard**

ESP, *PONTEVEDRA: Vilagarcía de Arousa, 29TNH1915, en prado e terras en barbecho, 31-X-1989, E. Valdés, LOU-Fungi 4834.

Este taxón cítase por primeira vez para Galicia.

***Leucocoprinus cygneus* (J. E. Lange) Bon**

ESP, *A CORUÑA: Santiago, 29TNH34, maceta de *Aspidistra elatior*, 24-VI-1983, M. Castro, LOU-Fungi 4581; *LUGO: Lugo, Segade, terra de maceta, 29TPH1463, 15-VII-1988, M. Castro, LOU-Fungi 4332.

Este taxón cítase por primeira vez para Galicia.

***Macrolepiota excoriata* (Schaeff.: Fr.) Wasser**

ESP, *OURENSE: Avión, Edreira, 29TNG5696, en prado, 10-XI-1992, J. Martínez Piñeiro & M. I. López Prada, LOU-Fungi 5681.

***Macrolepiota procera* (Scop.: Fr.) Singer var. *permixta* (Barla) Candusso**

ESP, *OURENSE: Verín, Tintares, 29TPG3047, en prado, 1-XI-1992, M. Lago, LOU-Fungi 7034.

***Macrolepiota rhacodes* (Vittad.) Singer var. *bohémica* (Wichansky) Bellú et Lanzoni**

ESP, *A CORUÑA: Santiago, Alameda, 29TNH3747, baixo *Quercus robur*, 14-X-1980, S. Ortiz, LOU-Fungi 2063; A Coruña, Xardín de Méndez Núñez, 29TNJ4701 en prado, 17-VII-1989, L. Freire, LOU-Fungi 6924; *PONTEVEDRA: Vigo, Coia, baixo *Cryptomeria japonica*, 29TNG2272, 26-IX-1993, J. Rodríguez-Vázquez & S. Padín, LOU-Fungi 6767.

***Pulveroboletus gentilis* (Quél) Singer**

ESP, *A CORUÑA: Santiago, San Lázaro, 29TNH3948, hábitat sin precisar, 1-XII-1983, A. Villanueva, LOU-Fungi 1274; *PONTEVEDRA: Silleda, Bandeira, 29TNH5731, bosque de *Quercus robur*, 4-IX-1981, L. Cabo, LOU-Fungi 1281.

***Strobilomyces strobilaceus* (Scop.: Fr.) Berk.**

ESP, *PONTEVEDRA: Merza, 29TNH5935, en talud, 5-XI-1981, C. Castro, LOU-Fungi 1104.

***Suillus variegatus* (Sw.: Fr.) Kuntze**

ESP, *A CORUÑA: Brión, Adoufe, 29TNH2645, bosque de *Pinus radiata*, 1-X-1980, L. Cabo, LOU-Fungi 1137.

Este taxón cítase por primeira vez para Galicia.

***Tylopilus felleus* (Bull.: Fr.) P. Karst.**

ESP, *A CORUÑA: Santiago, Meixonfrío, 29TNH3850, baixo *Quercus robur*, 17-VI-1986, J. Villarengo, LOU-Fungi 1101.

***Xerocomus ferrugineus* (Schaeff.) Bon**

ESP, *A CORUÑA: Padrón, 29TNH2732, hábitat sin precisar, 16-X-1990, J. L. Rodríguez, LOU-Fungi 4182.

***Xerocomus lanatus* (Rostk.) J. -E. Gilbert**

ESP, *LUGO: Lugo, San Lázaro, As Regas, 29TPH1761, en terra de cultivo, 12-X-1986, L. Freire, LOU-Fungi 4183.

Este taxón cítase por primeira vez para Galicia.

AGRADECIMENTOS

Os autores agradecen o persoal do C. I. F. A. de Lourizan todas as facilidades dadas para a realización deste traballo. Tamén queremos agradecer a Marcos Lago e José Rodríguez Vázquez o préstamo dalgunhas das *exsiccata* incluídas neste artigo. Compre salientar tamén a inestimable colaboración de Ana Soliño no apartado nomenclatural.

BIBLIOGRAFÍA

- ALESSIO, C. L. 1985. *Boletus* Dill. ex *L. Fungi Europaei* 2. Giovanna Biella. Saronno.
- ALESSIO, C. L. 1991. *Boletus* Dill. ex *L. Fungi Europaei* 2A. Suplemento. Giovanna Biella. Saronno.
- BAS, C. 1969. Morphology and subdivision of *Amanita* and a monograph of its section *Lepidella*. *Persoonia* 5(4): 285-579.
- BON, M. 1999. Les Collybio-Marasmioides et ressemblants. *Doc. Mycol. Mémoire hors série* 5.
- BON, M. 1993. Les Lépiotes. Lepiotaceae Roze. *Doc. Mycol. Mémoire hors série* 3.
- BREITENBACH, J. & KRÄNZLIN, F. 1991. *Champignons de Suisse. Vol. 3. Bolets et champignons à lames, 1ère partie*. Mykologia. Lucerne.
- BREITENBACH, J. & KRÄNZLIN, F. 1995. *Champignons de Suisse. Vol. 4. champignons à lames, 2ème partie*. Mykologia. Lucerne.
- BRUMMITT, R. K. & POWELL, C. E. 1992. *Authors of plant names*. Royal Botanic Gardens. Kew.
- CANDUSSO, M. & LANZONI, G. 1990. *Lepiota* s.l. *Fungi Europaei* 4. Giovanna Biella. Saronno.
- CASTRO, M. L. 1997. Annotated checklist of the *Amanitaceae* (Agaricales, Basidiomycotina) of the Iberian Peninsula and Balearic Islands. *Mycotaxon* 67: 227-245.
- COURTECUISSÉ, R. 1994. *Les champignons de France. Guide encyclopédique*. Eclectis. Paris.
- FRAITURE, A. 1993. Les *Amanitopsis* d'Europe. *Opera Bot. Belgica* 5.
- GARCIN, R. 1984. *Les Amanites européennes*. Fed. Mycol. Dauphiné-Savoie.
- GREUTER, W.; MCNEILL, J.; BARRIE, F.R.; BURDET, H. M.; DEMOULIN, V.; FILGUEIRAS, T. S.; NICOLSON, D. H.; SILVA, P. C.; SKOG, J. E.; TREHANE, P.; TURLAND, N. J. & HAWSWORTH, D. L. 2000. *International Code of Botanical Nomenclature (Saint Louis Code)*. Königstein.
- HAWKSWORTH, D. L.; KIRK, P. M.; SUTTON, B. C. & PEGLER, D. N. 1995. *Ainsworth & Bisby's Dictionary of the fungi*. Commonwealth Mycological Institute. Kew, Surrey.
- HEINEMANN, P. & THOEN, D. 1973. Observations sur le genre *Cystoderma*. *Bull. Soc. Mycol. France* 89: 5-35.

- MORENO, G.; MANJÓN, J. L. & ZUGAZA, A. 1986. *Guía de los hongos de la Península Ibérica*. 2 vols. Incafo. Madrid.
- MOSER, M. M. 1980. *Guida alla determinazione dei funghi*. Vol. 1°. *Polyporales, Boletales, Agaricales, Russulales*. Arti Grafiche Saturnia. Trento.
- NEVILLE, P. & POUMART, S. 1996. Révision critique des taxons spécifiques et intraspécifiques de la sous-section *Solitariae* Bas du genre *Amanita* Pers. en Europe et leur extension extra-européenne. *Doc. Mycol.* 25(101): 1-87.
- SOLIÑO, A.; JUSTO, A. & CASTRO, M.L. 1999. Recopilación bibliográfica (1850-1997) de citas macromicológicas de Galicia I: Ordes Agaricales, Auriculariales, Boletales e Cantharellales. *Mykes* 2: 3-73.
- SOLIÑO, A.; JUSTO, A. & CASTRO, M.L. 2000. Recopilación bibliográfica (1850-1997) de citas macromicológicas de Galicia II: Basidiomycota (Non Agaricales, Auriculariales, Boletales e Cantharellales)-Ascomycota. *Mykes* 3: 3-72.
- SOLIÑO, A.; JUSTO, A. & CASTRO, M.L. 2001. Aportacións o catálogo macromicológico galego (Ascomycota, Basidiomycota): 1998-2000. *Mykes* 4: 37-62.
- TULLOSS, R.E. 1994. Type studies in *Amanita* section *Vaginatae* I: Some taxa described in this century (studies 1-23) with notes on description of spores and refractive hyphae in *Amanita*. *Mycotaxon* 52(1): 305-396.
- TULLOSS, R.E. 2000. Note sulla metodologia per lo studio del genere *Amanita* (Agaricales). *Bollett. Gr. Micol. "G. Bresadola"* 43 (2): 41-62
- WASSER, S.P. 1993. *Tribes Cystodermatae Sing. and Leucocoprineae Sing. of the CIS and Baltic States*. Libri Botanici 9. Eching.
- WATLING, R. 1970. *British fungus flora agarics and boleti, 1. Boletaceae, Gomphidiaceae, Paxillaceae*. Royal Botanic Garden. Edinburgh.